



Comunicado nº 068/10

12 de maio de 2010

### AVISO URXENTE.

Ante a insistencia do comité organizador, e das escuderías organizadoras (Escudería Ferralla Lois, e Escudería La Coruña), do **“1º PROMO-SPRINT DE TIERRA PUB LIOS”**, de celebralo a pesar da **falla de permiso e autorización administrativa** da Delegación Provincial da Xunta de Galicia (Servizo de Interior e Administración Local); ó non ser visada pola Federación Galega de Automobilismo, única competente para autorizar as probas automobilísticas que se desenrolen en Galicia dacordo o disposto na Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, e que desenrola a **competencia exclusiva** que na materia do deporte ostenta a Comunidade Autónoma de conformidade co establecido no artigo 27.22 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Neste sentido pronunciouse o “Comité Galego de Xustiza Deportiva” nas recentes resolucións 6/10, 7/10, 8/10, e 9/10 nas que se afirma que para organizar e celebrar probas de automobilismo en Galicia non basta con dispor do permiso de organización da “Real Federación Española de Automovilismo” se non que sempre é necesario o do organismo competente polo lugar de celebración da proba, isto é, da Federación Galega de Automobilismo, e por tódolo exposto infórmase:

- 1.- Da falla dos seguros, e coberturas de responsabilidade civil de danos a terceiros, e de danos propios dos pilotos, ó selo evento deportivo a tódolos efectos **ilegal**.
- 2.- As responsabilidades, a que houber lugar, son compartidas por organizadores e participantes.
- 3.- Denunciase do alto risco para o público ó carecela proba de calquera tipo de protección legal, e das medidas de seguridade axeitadas á normativa.
- 4.- Denunciase da falla dos permisos das Consellerías de Medio Ambiente, e de Medio Rural, ó pretender celebrarla proba, no seu ámbito de competencia.

Por tódolo exposto anunciase que a Federación Galega de Automobilismo tomará tódalas medidas legais, e disciplinarias oportunas, no caso de celebrarse a **proba ilegal**, que poida danala boa imaxe do automobilismo deportivo de Galicia.